



“TRÓCAME-ROQUE”

Proxecto solidario de mercadiño infantil e xuvenil. Fontiñas.
(III edición).



Índice

	Páxs.
1. Título	3
2. Xustificación	3
3. Obxectivos	7
4. Metodoloxía e actividades	7
5. Destinatarios	10
6. Datas e lugar de realización	11
7. Recursos humanos	11
8. Recursos técnicos e materiais	12
9. Seguimento e avaliación	14



1. Título:



Mercadiño infanto-xuvenil “TROCAME-ROQUE” (III edición)

2. Xustificación

Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movementos da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio fixéramos unha “parada no camiño” a reflexionar, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.



A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o *benestar do veciñanza***. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención: a **prevención das situacións de vulnerabilidade social** e o esforzo para reforzar o **sentimento de “vida comunitaria”**; un firme aposta pola “convivencia”; convivencia “positiva”, fomentando a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.*

É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se albiscaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada na actualidade. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do veciñanza, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*.



En definitiva, non é outra cousa mais que...

EN RED

'Puzzle' solidario para luchar en Fontiñas por un barrio máis justo




El centro sociocultural concentra a instituciones y colectivos con el fin de "sacar a la luz y solucionar" problemas // En esta plataforma están desde el cura párroco, que cede sus locales para clases de artes, a los vecinos que combaten

Traballo en rede...


que en Fontiñas está sendo...

Unha realidade, Unha posibilidade + que agora podemos reforzar



Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, fíxose unha detección de necesidades¹, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona. Inspirándonos na liña 7 (Actividades Comunitarias, que integrasen e implicasen a todo o barrio), comezamos a desenvolver esta proposta que a súa vez abrangue outras liñas de acción, coma son: liña 14 (Impulso de actividades para a xuventude), liña 18 (Activación de procesos de solidariedade social) e liña 20: Propiciar a dinamización social.

¹ Mais información, no apartado de "documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas", da web www.compostelaintegra.org



Tendo en conta que os principais actores da xornada son as rapazas e rapaces que viven na zona e os centros educativos aos que asisten, cómpre ter presente dende a perspectiva educativa, a importancia de que eles tomen conciencia das necesidades sociais que existen no contorno e do que poden aportar para solventalas. Trátase da concreción dun proxecto baseado na “aprendizaxe-servizo”. Contaríase co traballo, implicación e aportacións dos propios menores para acadar un fin solidario. non afastado, senón próximo.

Pártese da idea de que os centros educativos e as restantes institucións sociais teñen unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social.



Por último sinalar que para a elaboración do presente proxecto se tivo en conta as aportacións dos propios menores e a avaliación das edicións anteriores (ano 2013 e 2014), nun contexto dunha programación “participativa”.

3. Obxectivos

- ✦ Fomentar a participación e a dinamización social na zona.
- ✦ Reforzar os “espazos de encontro” e a “vida comunitaria”, nos que estean presentes os valores da igualdade e da solidariedade social.
- ✦ Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- ✦ Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.
- ✦ Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.
- ✦ Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e “espertar” neles iniciativas de índole solidaria.
- ✦ Ofertar aos mais novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.
- ✦ Difundir a importancia de valorar a interculturalidade.

4. Metodoloxía e actividades.

A proposta consiste en levar a cabo un “mercadíño” desenvolto principalmente por participantes infantís e xuvenís, no que haxa diferente oferta de intercambio baseado na “venda”² e no “troco”³ de :

- ✦ Produtos feitos a man por eles mesmos.
- ✦ Produtos de segunda man deste tipo: cómics, libros, xogos, xoguetes, videoxogos, cds, dvds.

O fin da organización deste mercadíño é sufragar un proxecto solidario ubicado no propio barrio de Fontiñas. Cada posto doará a cantidade que, en conciencia, considere debe

² “Venda”: as persoas participantes asignarán un valor aos diferentes obxectos expostos e as persoas que queiran adquirilos, aboarán a devandita cantidade, cando menos, por eles.

³ Aqueles participantes que opten polo forma de “troco” deben participar con algunha aportación simbólica.



aportar, aínda que se establece un mínimo do 40 % do recadado (quedando o 60 % restante para sufragar os gastos de material). Se ben somos conscientes de que o que se recade⁴ vai ser algo simbólico, queremos que este importe se destine basicamente a:

1. “Financiar” o gasto dalgunha necesidade socioeducativa do barrio⁵, canalizado a través dalgunha entidade de iniciativa social presente na zona.

A participación nos postos está reservada unicamente a nenas, nenos, mozas e mozos de entre 8 e 18 anos. A inscrición poderase levar a cabo dende o luns, 8 de abril ate o día 4 de maio, ambos incluídos, nos centros educativos (CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas) ou nos locais de Cruz Vermella. Para poder facer a solicitude de inscrición débese entregar debidamente cuberto o cadro de inscrición e as autorizacións asinadas por nai/pai/titores de cada un dos solicitantes; así como a entrega de 1 € por persoa participante, que será destinado ao proxecto solidario. Cada grupo debe entregar as inscricións de forma conxunta nunha mesma entidade.

Ao redor do mercado celebráranse outras actividades de animación, para acadar unha maior afluencia de público (fomento da participación) e reforzar os espazos de convivencia, transmitindo os valores de solidariedade e de igualdade. “Dende o ocio, compártese o tempo, favorécese a convivencia”. As actividades programadas para ese día son as seguintes:

- ✦ A actividade troncal será o propio mercadiño.
- ✦ Actividade inaugural, ás 16:30 horas: actuación musical do coro de alumnas e alumnos do IES Antonio Fraguas, dirixido polo profesor D. Carlos Encisa.
- ✦ Desenvolvemento de diversos obradoiros, en simultáneo con desenvolvemento do propio mercadiño; horario: 17 a 19 horas. Os obradoiros previstos son:

⁴ A través de cuotas de participación, doazóns ou patrocinadores.

⁵ Vinculada ao Ensino Infantil, por ser a etapa de escolarización (non obligatoria) que presenta unha situación de maiores gastos en material para as familias e que non dispón de becas ao efecto.



- Cruz Vermella:
 - Xogos de grupo dinamizados por voluntariado.
 - Obradoiro de maquillaxe.

- Dentro do Programa de Prevención da UMAD:
 - Obradoiro de personalización de gorras. Ensinarase como se pode facer dunha simple gorra, unha prenda personalizada e unha distinción especial adaptada unicamente á túa persoa. O material a empregar será: gorras, rotuladores e aerosois. Contarase coa presenza dun monitor.
 - Obradoiro libre de breakdance e exhibición. Realizarase unha clase libre de breakdance, onde se amosarán os pasos básicos e primeiros movementos. Tamén haberá unha exhibición por parte do monitor, que realizará na tarima de Área Central.
 - Exhibición de graffiti sobre film. Realizarase un graffiti sobre film; esta actividade será en formato de exhibición e obradoiro participativo. Aprenderase a encher ocos con pintura dentro dos trazos que debuxen os monitores.

- Asemblea de Cooperación pola Paz:
 - Photocall para que as persoas participantes se fotografien xunto a mensaxe “Xente para cambiar o mundo”.
 - Obradoiro de chapas “Lévate a túa personalizada”.
 - A entidades recupera ao grupo de mozas e mozos que participaron no ano anterior no proxecto “Barrios Abertos” para facer unha reportaxe do mercado solidario.

- ✦ Acto de clausura, ás 19,30 horas, con actuación de flamenco (baile, caixón e guitarra) a cargo de Isaías Salazar, Miguel Flores e Aarón Hernández.



- ✦ Tamén se porá “unha mesa informativa” na que as persoas que se acheguen á mesma poidan coñecer ás distintas entidades (sociais, educativas e sanitaria) que traballan na zona, que labor están levando a cabo e a quen dirixirse en caso de necesidade. Na mesma, presentárase unha mostra do material, que dende o eido comunitario, se ven elaborando nos quince anos de traballo.
- ✦ Estará colocada, nun lugar visible, unha “caixa solidaria” onde os asistentes poidan depositar os seus donativos, independentemente das compras ou trocos realizados.
- ✦ Nesta edición, incorpórase a participación da Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES), co proxecto “Cumprindo ilusións”; unha responsable desta asociación explicará aos participantes o contido do proxecto, co obxecto de facer chegar ás nenas e nenos de familias en situación de dificultade social, xoguetes arranxados, limpos e clasificados nos obradoiros “hospitais de xoguetes” que hai activos en varios centros penitenciarios.
- ✦ Durante a xornada proxectaranse imaxes das edicións do mercadiño solidario Trócame-Roque anteriores.
- ✦ Deséxase coñecer a valoración que os participantes e asistentes fagan da actividade a través do “libro de visitas”.

5. Destinatarios

Consideramos como destinatarios e como “protagonistas” do proxecto nenos, nenas, mozos e mozas **de 8 a 18 anos** para que desenvolvan o mercado. Estes participantes estarán debidamente autorizados por escrito por pais, nais ou titores dende o momento da inscrición.



6. Datas e lugar de realización

Desenvolverase o venres, 8 de maio de 2015, **en horario de 16.30 a 19.30 h.**

O espazo que se establece a priori é **Área Central**, como “punto neurálxico da vida do barrio”, pretendendo ao mesmo tempo que non existan atrancos por malas condicións metereolóxicas, colaborando coa dinamización do propio centro e contribuíndo a transmitir a idea de que o mesmo “...está na vida do barrio, da súa xente, apoiando todo tipo de iniciativas comunitarias”.

7. Recursos humanos

Para levar a cabo a actividade plantéxase, dentro das Sesións Plenarias da xuntanza de barrio, establecer unha comisión organizativa, que estará composta por:

- a) Coordinadora do Centro de Día Arela.
- b) Coordinadora da Fundación Secretariado Xitano.
- c) Orientadora do IES Antonio Fraguas.
- d) Orientadora do CEIP Fontiñas.
- e) Orientadora do CEIP Monte dos Postes.
- f) Técnico de xuventude de Cruz Vermella.
- g) Educadoras sociais do Programa de atención a familias “Abeiro” (pertencente a Cáritas Parroquial de As Fontiñas).
- h) Técnicos da Asemblea de Cooperación pola Paz – Programa Barrios Abertos.
- i) Técnico de prevención en drogodependencias da UMAD.
- j) Traballadoras sociais da UTS Fontiñas.
- k) Educadora social do Programa municipal socioeducativo.

Se ben estes profesionais asumirán tarefas relacionadas coa organización e coa implementación directa da actividade, espérase contar co apoio dos demais profesionais da zona (pertencentes ás restantes entidades que participan no desenvolvemento comunitario) para acadar a dinamización dos participantes, sexan soporte loxístico e difundan a actividade. A difusión, ademais de ser directa (coa poboación que se acheguen aos distintos



servizos), realizarase dun xeito mais xeral a través de carteis e da utilización das distintas redes informáticas pertencentes a cada entidade, sen esquecer a propia da comunidade: www.compostelaintegra.org , así como nas diferentes redes sociais.

Os distintos participantes serán os responsables do seu propio posto, contando en todo momento co apoio dos profesionais sinalados anteriormente. Contarase igualmente con voluntariado para dinamizar as actividades de animación.

8. Recursos técnicos e materiais

- *Previo:*

- Elaboración de proxecto: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e educadora social do programa municipal socioeducativo (estas últimas profesionais pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- Entrevistas con responsables de Área Central para solicitar como “espazo para a realización do mercadiño” as instalacións e equipamento dese centro comercial: a cargo da coordinadora da Fundación Secretariado Xitano e o responsable de Xuventude de Cruz Vermella.
- Cartel para a difusión: elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.
- Impresión do cartel e distribución: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, traballadoras sociais da UTS Fontiñas e educadora social do programa municipal socioeducativo.
- Folla/díptico de Inscripción coas condicións: a cargo da coordinadora do Centro de Día Arela.
- Elaboración de folleto divulgativo do traballo comunitario que se está a desenvolver no barrio de Fontiñas: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e educadora social do programa municipal socioeducativo (estas últimas pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).



- Actualización do folleto divulgativo das actuacións comunitarias: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da UTS Fontiñas e educadora social do programa municipal socioeducativo (estas últimas pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- Difusión global da actividade, a cargo de tódolos membros da Comisión Organizadora.
- Presentación pública da actividade: o IES Antonio Fraguas e Asemblea de Cooperación pola Paz procederá a difundir a actividade entre os medios de comunicación cos que teñen contacto.

- *Durante a Actividade:*

- Mesas para postos.
- Cadeiras.
- Mesas para obradoiros de animación.
- Mesas informativas e para a “caixa solidaria”.
- Paneis.
- Petos e caixas.
- Bolígrafos+ Bloc Notas.
- Cámara de fotos e vídeo.
- Portátil.
- Proxector.
- Pantalla de Proxección.
- Equipo de son e megafonía.
- Material bibliográfico e visual.
- Material necesario para photocall e taller ficticio de televisión.
- Tarima para actuacións.
- Libro de visitas.



- Peto solidario.
- Cuestionarios de avaliación.

9. Seguimento e avaliación

A avaliación será participativa e aberta. Neste sentido, os diferentes participantes (tanto as rapazas e rapaces dos postos como os asistentes) poderán cumprimentar un pequeno cuestionario anónimo. No cuestionario abordaranse as seguintes cuestións:

1. Valoración da iniciativa.
2. Valoración do interese do proxecto solidario proposto.
3. Valoración das actividades de animación levadas a cabo ao longo da xornada.
4. Suxestións cara a realización doutras actividades comunitarias.

A maiores, os profesionais implicados na organización e implementación da xornada, realizarán unha avaliación técnica, cun dobre enfoque: cuantitativo e cualitativo. Para o primeiro deles, propónse os seguintes indicadores:

- ✦ Número de solicitudes
- ✦ Número de postos finais no mercado
- ✦ Número de participantes nos postos
- ✦ Numero de visitas aproximado
- ✦ Número de diferentes actividades de animación
- ✦ Número de participantes aproximado nos obradoiros
- ✦ Voluntariado que participa nas actividades de animación
- ✦ Número de entidades da rede que participan activamente con algunha tarefa do proxecto.
- ✦ Recadación e grado de consecución do proxecto solidario

Para a avaliación cualitativa, levarase a cabo unha xornada avaliativa cos menores responsables dos distintos “postos” e unha xuntanza final da comisión deste proxecto para unha data na semana seguinte ao desenvolvemento do mesmo e nela poder analizar os resultados dos indicadores marcados afondando no seu alcance, interese e repercusión.



Igualmente recollerase unha reflexión sobre o propio proceso da actividade dende a súa xénese ata a súa finalización, reflectindo as dificultades e os logros atopados.

A implementación da xornada e a avaliación correspondente recollerase nun documento, que será debidamente difundido.